



MERCA AQUÍ LEVA COMPOSTELA NO CORAZÓN

BONOS CORAZÓN COMPOSTELA

Se tes un **comercio**
ou un local de **hostalería**
abónate á campaña



+info: bonoscorazoncompostela.gal

1. QUE SON OS BONOS CORAZÓN COMPOSTELA?

O programa de Bonos Corazón Compostela é unha iniciativa do Concello de Santiago que ten por obxectivo incentivar a actividade económica en Santiago de Compostela mediante o cofinanciamento de bonos para o consumo no comercio e a hostalería local.

2. COMO FUNCIONAN OS BONOS CORAZÓN COMPOSTELA?

Cada cliente disporá dun único bono por importe de 75€ cofinanciado nun 40% polo Concello de Santiago (30€) e nun 60% pola persoa solicitante (45€).

O importe do bono irase consumindo nas compras en bens e servizos realizadas nos establecementos adheridos ao programa entre o 24 de SETEMBRO E O 10 DE DECEMBRO de 2021, ata o esgotamento do saldo.

3. QUEN PODE ADHERIRSE AO PROGRAMA?

Todos os establecementos comerciais e de hostalería que desenvolven a súa actividade no concello de Santiago de Compostela en réxime de autónomos ou pemes.

4. COMO SUMARSE AO PROGRAMA?

Entra na web WWW.BONOSCORAZONCOMPOSTELA.GAL e rexistra o teu negocio indicando os seus datos.

5. ATA CANDO SE PODE SOLICITAR INCORPORARSE AO PROGRAMA?

Tes de prazo ata o 22 de novembro de 2021, pero inscíbete canto antes para que os teus clientes poidan trocar os seus bonos.

6. COMO SE REALIZARÁ O COBRO DOS BONOS?

Os beneficiarios dos bonos realizarán o pago das súas compras no establecemento cun código QR a través da aplicación do programa.

Os negocios recibirán semanalmente o importe equivalente aos bonos trocados a través da conta indicada no proceso de inscrición.

O límite máximo de bonos para trocar nun establecemento está fixado nunha contía de 6.250 euros. A través da plataforma cada asociado poderá consultar o seu histórico de vendas dentro do programa.

**ENTRA XA EN
WWW.BONOSCORAZONCOMPOSTELA.GAL
E REXÍSTRATE!**





+info: bonoscorazoncompostela.gal